

MESA SECTORIAL DO DÍA 18 DE FEBREIRO DE 2020

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE DO..... DE FEBREIRO DE 2020 POLA QUE SE CONVOCAN PROCEDEMENTOS SELECTIVOS DE ACCESO AO CORPO DE INSPECTORES DE EDUCACIÓN, AO CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, AO CORPO DE PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS E AO CORPO DE PROFESORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO E DE INGRESO AO CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, AO CORPO DE PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS, AO CORPO DE PROFESORES DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS, AO CORPO DE PROFESORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, AO CORPO DE PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL, AO CORPO DE MESTRES E PROCEDIMENTO DE ADQUISICIÓN DE NOVAS ESPECIALIDADES POLO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DOS CORPOS DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS, PROFESORES DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS, PROFESORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL E MESTRES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO ED001A)

A Administración presenta ás Organizacións Sindicais da Mesa Sectorial a Oferta de Emprego desglosada por especialidades que é a seguinte:

Ingreso

Corpo de profesores de ensino secundario

Código/especialidade		Reserva persoas con discapacidade	Libre	Total
001	Filosofía	2	23	25
002	Grego	1	5	6
003	Latín	2	25	27
004	Lingua Castelá e Literatura	3	45	48
005	Xeografía e Historia	4	48	52
006	Matemáticas	5	92	97
007	Física e Química	3	42	45
008	Bioloxía e Xeoloxía	2	31	33
009	Debuxo	3	41	44
010	Francés	2	21	23
011	Inglés	1	19	20
015	Portugués		4	4
017	Educación Física	1	19	20
018	Orientación Educativa	3	52	55
019	Tecnoloxía	1	11	12
053	Lingua Galega e Literatura	3	48	51
061	Economía	1	19	20
101	Administración de Empresas	1	19	20

MESA SECTORIAL



Código/especialidade		Reserva persoas con discapacidade	Libre	Total
102	Análise e Química Industrial	1	4	5
103	Asesoría e Procesos de Imaxe Persoal	1	11	12
105	Formación e Orientación Laboral	2	26	28
106	Hostalería e Turismo	1	14	15
107	Informática	1	17	18
109	Navegación e Instalacións Mariñas	1	6	7
110	Organización e Xestión Comercial	1	10	11
111	Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos	1	5	6
112	Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica	1	6	7
113	Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos	1	7	8
116	Procesos na Industria Alimentaria	1	5	6
117	Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos	1	8	9
118	Procesos Sanitarios	1	15	16
119	Procesos e Medios de Comunicación	1	8	9
120	Procesos e Produtos de Têxtil, Confección e Pel	1	5	6
122	Procesos e Produtos en Artes gráficas		3	3
123	Procesos e Produtos en Madeira e Moble	1	12	13
Total		55	726	781

ANPE
SINDICATO INDEPENDIENTE
GALICIA

Corpo de profesores técnicos de formación profesional

Código/especialidade		Reserva persoas con discapacidade	Libre	Total
201	Cociña e Pastelería	1	17	18
202	Equipos Electrónicos	1	27	28
203	Estética	1	13	14
204	Fabricación e Instalación de Carpintería e Moble	1	12	13
205	Instalacións e Mantemento de Equipos Térmicos e Flúidos	1	9	10
206	Instalacións Electrotécnicas	1	7	8
208	Laboratorio	1	7	8
209	Mantemento de Vehículos	1	19	20
210	Máquinas, Servizos e Producción		4	4
211	Mecanizado e Mantemento de Máquinas	1	7	8
214	Operacións e Equipos de Elaboracións de Produtos Alimentarios	1	11	12
216	Operacións de Producción Agraria	1	7	8
217	Patronaxe e Confección	1	12	13
218	Peiteado	1	6	7
219	Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico	1	7	8
220	Procedementos Sanitarios e Asistenciais	1	19	20
221	Procesos Comerciais	1	11	12
222	Procesos de Xestión Administrativa	2	26	28
223	Producción de Artes Gráficas	1	13	14
225	Servizos á Comunidade	1	25	26
226	Servizos de Restauración	1	9	10
227	Sistemas e Aplicacións Informáticas	2	36	38
228	Soldadura	1	15	16
229	Técnicas e Procedementos de Imaxe e Son	1	19	20
Total		25	338	363

Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas

Código/especialidade		Reserva persoas con discapacidade	Libre	Total
001	Alemán	--	6	6
011	Inglés	2	22	24
Total		2	28	30

Corpo de profesores de música e artes escénicas

Código/especialidade		Reserva persoas con discapacidade	Libre	Total
401	Acordeón		2	2
403	Canto		3	3
404	Clarinete		5	5
405	Clave		2	2
406	Contrabajo		2	2
408	Fagot		4	4
412	Fundamentos de composición	1	5	6
413	Gaita	1	4	5
414	Guitarra		4	4
419	Óboe		3	3
423	Piano	1	5	6
424	Saxofón	1	3	4
426	Trombón		2	2
427	Trompa		3	3
429	Tuba		4	4
431	Viola		4	4
434	Violonchelo		3	3
436	Danza Clásica	1	7	8
437	Danza Contemporánea		3	3
460	Linguaxe Musical	1	11	12
Total		6	79	85

Corpo de profesores de artes plásticas e deseño

Código/especialidade		Reserva persoas con discapacidade	Libre	Total
507	Debuxo Artístico e Cor		3	3
509	Deseño de Interiores	1	7	8
510	Deseño de Moda		4	4
512	Deseño Gráfico	1	6	7
515	Fotografía		4	4
525	Volume		4	4
Total		2	28	30

Corpo de mestres

Código/especialidade		Reserva persoas con discapacidade	Libre	Total
031	Educación Infantil	10	140	150
032	Lingua Estranxeira: Inglés	6	79	85
033	Lingua Estranxeira: Francés	5	60	65
034	Educación Física	4	56	60
035	Música	3	42	45
036	Pedagogía Terapéutica	10	140	150
037	Audición e Linguaxe	7	87	94
038	Educación Primaria	7	91	98
Total		52	695	747

Acceso

Inspectores de Educación

Código/especialidade		Reserva persoas con discapacidade	Libre	Total
001	Inspección Educativa	1	9	10

Acceso do Subgrupo A1 ao A1

Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas

Código/Especialidade		Reserva persoas con discapacidade A1-A1	A1-A1	Total
008	Francés	1	7	8
009	Gallego		5	5
011	Inglés	2	23	25
		3	35	38

Acceso do Subgrupo A2 ao Subgrupo A1

Corpo de profesores de ensino secundario

Código/Especialidade		Reserva persoas con discapacidade A2-A1	A2-A1	Total
001	Filosofía	1	7	8
002	Grego		2	2
003	Latín	1	8	9
004	Lingua Castelá e Literatura	1	15	16
005	Xeografía e Historia	1	16	17
006	Matemáticas	2	31	33
007	Física e Química	1	14	15
008	Bioloxía e Xeoloxía	1	10	11
009	Debuxo	1	14	15
010	Francés	1	6	7
011	Inglés	1	6	7
017	Educación Física	1	6	7
018	Orientación Educativa	1	17	18
019	Tecnoloxía		4	4
053	Lingua Galega e Literatura	1	16	17
061	Economía	1	6	7
101	Administración de Empresas	1	6	7
102	Análise e Química Industrial		2	2
103	Asesoría e Procesos de Imaxe Persoal		4	4
105	Formación e Orientación Laboral	1	8	9
106	Hostalería e Turismo		5	5
107	Informática	1	5	6
109	Navegación e Instalacións Mariñas		2	2
110	Organización e Xestión Comercial		4	4
111	Organización e procesos de mantemento de vehículos		2	2
112	Organización e proxectos de fabricación mecánica		3	3
113	Organización e Procesos de Sistemas Enerxéticos		3	3
116	Procesos na industria alimentaria		2	2

Código/Especialidade		Reserva persoas con discapacidade A2-A1	A2-A1	Total
117	Procesos Diganósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos		3	3
118	Procesos Sanitarios		5	5
119	Procesos e Medios de Comunicación		3	3
120	Procesos e Produtos de Têxtil, Confección e Pel		2	2
122	Procesos e Produtos en Artes Gráficas		1	1
123	Procesos e Produtos en Madeira e Moble		4	4
Total		18	242	260

Acceso do Subgrupo A2 ao Subgrupo A1 Corpo de Profesores de artes plásticas e deseño

Código/Especialidade		Reserva persoas con discapacidade A2-A1	A2-A1	Total
507	Debuxo Artístico e de Cor		1	1
509	Deseño de Interiores		2	2
510	Deseño de Moda		1	1
512	Deseño Gráfico	1	2	3
515	Fotografía		2	2
525	Volume		1	1
Total		1	9	10

En primeiro lugar, e pese a considerar que é unha oferta de emprego positiva polo importante número de prazas que se convocan, debemos criticar que non existise unha negociación real das especialidades e prazas a convocar. Non consideramos axeitado, por exemplo, que aparezan 7 especialidades novas que non se anunciaron publicamente no mes de novembro. Isto supón un agravio con respecto ao resto de opositores. Desde ANPE Galicia insistimos na nosa opinión de que a mellor maneira de loitar pola estabilidade do profesorado é a través de amplas ofertas de emprego público. De todos os xeitos facemos notar que en anteriores convocatorias as prazas de promoción interna quedaron sen cubrir en máis dun 75% polo que a OEP se ve desvirtuada e non real. Tamén consideramos que a Administración educativa debe velar por acadar un equilibrio entre os dereitos ao traballo do profesorado interino que xa ten prestado servizos, que obviamente deben de ser valorados e non debe de ver o seu traballo en risco, cos dereitos dos aspirantes que se presentan sen ningún tipo de experiencia docente previa. En relación a OEP a Administración nos presentou hai meses unha xustificación da mesma baseada en tres puntos: a taxa de reposición, a estabilización do emprego temporal e a promoción interna. Para ANPE Galicia falta un punto que consideramos sumamente importante: a recuperación do profesorado perdido na nosa Comunidade Autónoma durante os anos de crise económica. No ano 2009 había en Galicia un total de 31.820 docentes e actualmente hai uns 1.300 docentes menos. En cambio, o profesorado do ensino concertado se viu incrementado en todos estes anos en detrimento do profesorado do Ensino Público.

Dentro da Oferta de Emprego Público botamos en falta especialidades como Alemán e Producción Agraria. Tamén demandamos que se analicen casos como a especialidade 591117

onde o curso pasado quedaron 10 prazas sen cubrir e nas que na oferta presentada no día de hoxe se ven reducidas a 8.

En relación á Orde de convocatoria reiteramos que é **importantísimo e fundamental que exista un verdadeiro e efectivo concurso-oposición**. A Administración debe velar polo correcto funcionamento dos tribunais para evitar as múltiples incidencias que se repiten ano tras ano (tribunais que convocan para probas sen respetar a antelación dos chamamentos, probas en domingos, modificación do tipo de probas, etc).

Para que exista un concurso-oposición real consideramos que se debe reducir o número de opositores a 80 ou 90 por tribunal. Somos conscientes que unha das causas de que non exista concurso-oposición real é que os tribunais se ven apurados no tempo para rematar un proceso selectivo en menos dun mes, por tanto é fundamental aumentar o número de tribunais para reducir ese “apuro”. ANPE Galicia demanda tamén que se nomeen tribunais en todas as provincias e que non se repitan sempre nas mesmas localidades como é habitual en certas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario.

ANPE Galicia considera IMPRESCINDIBLE que todos os membros dos tribunais, sen excepción, sexan nomeados por sorteo. Neste mesmo sentido, naquelas especialidades nas que sexa necesario o asesoramento por asesores especializados estes asesores deben ser coñecidos publicamente para poder estar sometidos ás causas de recusación polos aspirantes no caso de que fose necesario. **É importante tamén que todos os tribunais estean formados por profesorado da propia especialidade polo que ANPE considera que se debería traer a profesorado doutras comunidades antes que nomear a profesorado que non sexa da propia especialidade.** En relación ás renuncias a formar parte dos tribunais desde ANPE Galicia demandamos que se permita renunciar a todos os membros dos equipos directivos dos centros e non soamente aos directores/as. **A Administración non acepta esta proposta.** Tamén demandamos que se permita a renuncia no caso de coidado de fillos menores. **A Administración estudará a proposta para o coidado de fillos menores de 3 anos.** ANPE Galicia considera que debe facerse pública a composición final dos tribunais unha vez atendidas as renuncias. **A Administración resposta que están estudando a posibilidade técnica e informática de poder facelo.** Demandamos que se axilice o pago ao profesorado que finalmente forma parte dos tribunais.

ANPE Galicia considera tamén que debe haber uns criterios de valoración das probas comúns para todos os tribunais dunha mesma especialidade así como tamén unhas probas comúns. Deberíase tamén tratar de garantir o anonimato dos aspirantes na primeira proba. **A Administración non acepta esta última proposta.**

ANPE Galicia considera que os aspirantes deben ter dereito a coñecer a nota da cada unha das partes das probas coa maior inmediatez posible.

Consideramos que a valoración dos méritos da fase de concurso debe levarse a cabo por parte da Administración como se facía hai tempo e non por parte dos tribunais. Así mesmo consideramos que debería ampliarse o prazo de reclamacións ao baremo provisional.

ANPE Galicia demanda que se axilice o tema da adaptación de tempo e medios para os opositores e opositoras que o soliciten. Deben saber con tempo suficiente si se lles autoriza ou non. Tamén é importante que os aspirantes coñezan con antelación suficiente os medios que van a poder utilizar para o desenvolvemento das probas. Os tribunais deben dar a coñecer esta información con suficiente antelación. Tamén se deben facer, coa maior antelación posible, os chamamentos para as diferentes probas xa que hai que considerar que a maior parte dos aspirantes teñen que desprazarse e, polo tanto, deben facer previsión destes desprazamentos con tempo suficiente.

Con respecto ás Programacións Didácticas desde ANPE Galicia demandamos que a Administración revise o que se recolle na Orde de Convocatoria xa que, fundamentalmente no caso das especialidades da Formación Profesional e do corpo de Profesores de Artes Plásticas e Deseño non están adaptadas aos currículos vixentes ou á normativa vixente. ANPE Galicia demanda que se flexibilice o requisito do interliñado nas táboas que se inclúan dentro das Programacións Didácticas presentadas polos aspirantes. **A Administración estudará esta proposta ou aclarará especificamente que non é necesario facer a programación usando táboas no caso das especialidades de Formación Profesional.**

En relación ás probas prácticas ANPE Galicia considera que hai casos de especialidades nas que as especificacións das mesmas son demasiado xenéricas ou que incluso non se adaptan ao temario das especialidades. É importante tamén que se establezan uns tempos de realización das probas realistas que aparezan perfectamente claros na orde de convocatoria. Reiteramos de novo que deben darse instrucións claras aos tribunais para o cumprimento do recollido na convocatoria para evitar modificacións por parte dos mesmos do contido das probas que se produciron na última convocatoria. Facemos notar tamén que falta a proba práctica da especialidade de Servizos de Restauración. Solicitamos que se suprima a valoración da tipoloxía da gaita dentro desta especialidade do corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas e que se revise o referente aos acompañamentos tanto en gaita como en piano e outras especialidades para deixar todo perfectamente aclarado. **A Administración resposta que estudará a eliminación da valoración da tipoloxía de gaita e aclara que as probas prácticas se están elaborando para que non faga falta, na maioría dos casos, usar acompañamentos.**

Demandamos que os/as titores/as da fase de prácticas sexan da especialidade correspondente.

Demandamos matrícula gratuíta para todos os desempregados e desempregadas.

Con respecto ao tema da presentación exclusiva das solicitudes por vía telemática, ANPE Galicia considera que debería coexistir coa presentación presencial ou cando menos a aplicación que se utiliza para facer a presentación de solicitudes debe enviar unha mensaxe de alerta no caso de que o procedemento non estea completado ou non se teña emitido xustificante de entrega.

Debe ampliarse a casuística de acudir a examinarse no hospital para calquera tipo de hospitalización e non soamente no caso de hospitalización por maternidade. **A Administración non acepta esta proposta.**

En canto a cuestións relativas ao baremo da fase de concurso, ANPE Galicia considera que deben valorarse as titulacións de linguas vernáculas cooficiais do mesmo xeito que as titulacións de linguas estranxeiras. **A Administración non acepta esta proposta.** Tamén demandamos que se puntuén do mesmo xeito os servizos prestados por aquelas persoas que desde unha lista única prestan servizos como substitutos en dous corpos diferentes (como por exemplo, o profesorado das listaxes de inglés de secundaria que prestan servizos como substitutos nas EOI e teñen a metade de puntuación cando prestan os servizos neste corpo e se presentan ao corpo de profesores de ensino secundario). **A Administración resposta que non pode aceptar porque suporía inseguridade xurídica.** Deberían tamén puntuarse todos os Mestrados oficiais e non soamente un, así como tamén debería puntuarse o Mestrado de Formación do Profesorado naqueles corpos nos que non sexa un requisito.

Para finalizar facer unha serie de aportacións adicionais: demandamos que se amplíe o prazo para poder participar no CADP para os opositores que superen o concurso-oposición

para que pase a 4 días. Informamos que falta o Anexo I e que no Anexo IV debe aclararse tamén que é de aplicación ao acceso do A1 ao A1.

Por último solicitamos que se lles permita ao profesorado en prácticas da especialidade de Francés do corpo de Profesores de Ensino Secundario acollerse á modalidade de acceso do subgrupo A1 ao A1 Corpo de Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas debido á que a especialidade de Francés do corpo de Profesores de Ensino Secundario levaba 18 anos sen convocarse polo que non parece xusto privarlles agora do acceso do A1 ao A1.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Lamentar a situación de censura informativa na que nos vimos afectados os sindicatos da Mesa Sectorial docente nas dependencias da Xunta de Galicia a pasada semana.
- Lembramos ao Sr. Nuñez Feijoo as súas palabras do ano 2014 no que afirma que restituiría o 100% das pagas extras dos funcionarios galegos. ANPE Galicia non vai a desistir da súa loita por recuperar as pagas extras perdidas.
- Rogamos que as vacantes do Reforza-t e do ARCO se fagan antes e non no mes de Marzo a 3 meses do remate do curso. Non ten sentido facer programas de reforzo a estas alturas do curso. Demandamos que se faga antes.
- Rogamos que se inclúan as resultas dos diferentes concursos específicos no Concurso Xeral.
- Rogamos que se tome unha decisión única para o tema do permiso de lactación e non se permitan decisións parciais diferentes das Xefaturas Territoriais.

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 15:00 horas.